

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE NOVIEMBRE DO 2023

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e sete de novembro do dous mil vinte e tres, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela, D^a María Luisa Vázquez López, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle e o concelleiro D. Victor Rodríguez López.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN,SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 30 DE OUTUBRO DO 2023.

Sométese a votación a acta do pleno de 30 de outubro do 2023, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 25.10.2023 AO 21.11.2023.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucíons adoptadas no período comprendido entre o 25.10.2023 e o 21.11.2023.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- ORZAMENTO XERAL DE 2024 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, MASA SALARIAL DO PERSOAL.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do grupo Municipal do BNG e do concelleiro do grupo Esperta Monforte!-Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2024, que inclúe o Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención que consta no expediente.

Visto o Informe de Intervención que consta no expediente.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2024, que cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, e a documentación anexa e complementaria que se une ó expediente, que ascende a **16.386.335,94 €**, xunto coas súas Bases de execución, consolidado co do Instituto Municipal de Drogodependencias, resumido por capítulos é o seguinte:*

GASTOS				
2024	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.202.085,35	313.573,41		5.515.658,76
CAPITULO II	8.898.094,31	24.000,00		8.922.094,31
CAPITULO III	81.000,00			81.000,00
CAPITULO IV	1.185.076,58		337.573,41	847.503,17
CAPITULO V	0,00			0,00



				SECRETARIA
TOTAL	15.366.256,24	337.573,41	337.573,41	15.366.256,24
CAPITULO VI	735.530,60			735.530,60
CAPITULO VII	278.549,10			278.549,10
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	1.020.079,70	0,00	0,00	1.020.079,70
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	16.386.335,94	337.573,41	337.573,41	16.386.335,94

INGRESOS				
2024	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.974.475,79			5.974.475,79
CAPITULO II	550.000,00			550.000,00
CAPITULO III	2.475.072,50			2.475.072,50
CAPITULO IV	6.554.537,65	337.573,41	337.573,41	6.554.537,65
CAPITULO V	76.250,00			76.250,00
TOTAL	15.630.335,94	337.573,41	337.573,41	15.630.335,94
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	750.000,00			750.000,00
TOTAL	756.000,00	0,00	0,00	756.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	16.386.335,94	337.573,41	337.573,41	16.386.335,94

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual, segundo figura no expediente.

TERCEIRO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.469.122,74 €, e do I.M. de Drogodependencias 237.507,29 €.

QUINTO. Aprobar as Bases de execución e o anexo de subvencións que forman parte do expediente do orzamento.

SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2024, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉTIMO. *Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.*

OITAVO. *Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto."*

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Toma a palabra D. Jaime Germán Vázquez di que se está ante a ferramenta máis importante do Concello, felicitaos por ser uns orzamentos Sociais. Eles din que os números non minten, reiterar a felicitación pola parte social do presuposto. Estase a falar de 2.018.000,00 euros son os presupostos máis Sociais da historia de Monforte. Dicía o noso alcalde "que levamos ao pleno do próximo luns no que os presupostos que o resto do grupos municipais o apoien, que serán aprobados pola maioría absoluta". Cantos cartos para o PXOM, para piscinas, arranxo do Cemiterio, arranxo temas da auga, parques cubertos, parques para mascotas, para outro pavillón, segundo autobús urbán, para autoconsumo, canto cartos van deixar de gastarse senr eparos de intervención. As subvencións son nominativas, a maioría, tapan bocas. E certo que no pavillón se necesitan pistas non gradadas, os cartos o que fan é o silencio, non sabe si na comisión informativa lle mentiu deliberadamente o porque o descoñece. Vostede contestou que tiñan moitos proxectos, 656.000,00 € son os cartgos que van custar o servzio da piscina municipal, sen subministro sen tenis, sen auga, estase a falar de 715.000,00 euros, eles non din que se peche a piscina, pero queren ser moi claros niso, pero si qu elles gustaría que cando se presentan uns presupostos que teñen como mínimo unha diferenza de medio millón de euros, non sabe que empresa vaise atopar que poda dar ese servizo, gustaríalle que lle explican o gasto da luz, o certo é que non hai ningún tipo de aforro, a maioría da xente vai cobrar un 2,5%, despois está o tema das multas, savlo que se sensibilice a ordenanza, ao mellor puxeron 500 multas ao mes.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non fixeron a iniciativa xuntos, pero coinciden en moito da exposición, estase diante da sesión máis importante do ano, aprobar o orzamento xeral do Concello, por maioría absoluta, son vostedes quén teñen a obriga de facer os orzamentos e aprobalos. Os orzaentos que se incrementan máis dun millóns de euros, son uns orzamentos máis altos da época democrática de Monforte, tampouco se ve reflectido falta un anexo do que é as inversións, esas demandas que eles trouxeron a esta cámara, parque para mascotas, o orzamento anual é a ferramenta básica de traballo para o ente municipal, e dar solucións a eses problemas importantes que necesitan, como pode ser un plan xeral de ordenación, renovación das tubaxes da auga, zona de baño pública, está ese proxecto da Praia fluvial, e un desenrolo tecnolóxico. Sen entrar en detalles valorar positivamente en materia de desenrolo social, séguese facendo as axudas nominativas algo que eles levan reclamando que deben de facerse de xeito competitivo, saben que o aumento de persoal, gastos financeiros, incrementase en base á suba do IPC e saben que nun orzamento municipal de 16.380.000 euros pois moito deste gasto está comprometido, como é o gasto de persoal, gasto corrente, non poden compartir estes orzamentos, porque non o fixeron, en moitas cousas poden coincidir, pero no global para que este orzamento funcione, non están de acordo, eles van votar en contra.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que dende o equipo de goberno se presumía en incremntar o mesmo na partida de inversións, anuncien e executan obras de carácter millonaria, e logo sucede o que pasa e que hai que acudir a un préstamo. Di que eles

solicitaron os contratos que había do Concello, e precisamente este ano contratouse un préstamo para o pavillón da Pinguela e tamén unha póliza de crédito, que tenenden que se podan necesitar pola excusa que vostede pon para a contratación deste préstamo. A eles lles preocupa, cando iniciou o mandato tiña un remanente importante, e agora se comenza cunha previsión de endebedamento. Non anuncia nada novo, segue tendo gasto importante no lixo, destaca que se baixa na recadación de impostos, senón porque hai unha realidade que é a constante caída da poboación, é proporcionalmente superior a doutros municipios do contorno. No ano 2015, 19.015 habitantes e agora se perderon 1.000 habitantes. E normal que cada vez se recaude menos, iso das inversións millonarias non é unha inversión adecuada, aínda que os Concellos limítrofes sigan conservando a poboación, eles si que valoran ter máis e mellor servizos Sociais. Tamén é competencia da Xunta en emprego, e sen embargo a solicita, ao final son 20 persoas as que poden empregar nun ano, subvención cunha inversión de 4 millóns de euros, que son van aportarlle a metade, seguen insistindo en que o gasto se executou no pavillón debería executarse doutra forma. Seguirán abusando do epígrafe de estudos, gastos técnicos, de xenéricos, soe ser o mesmo resultado que os reparos de intervención que ten vostede, a grande cantidade de reparos de intervención de cerca de 3 millóns de euros. Por exemplo, a da famosa piscina municipal porque cada ano parece que custa máis cartos, as subvencións seguen crendo que non poden ter estes criterios arbitrarios e de concurrencia competitiva e son escasas.

Intervén D^a Gloria M^a Prada di que van presentar os presupostos para o ano 2024 en tempo e forma por noveno ano consecutivo, e os orzamentos máis Sociais, son continuistas porque Monforte vai ven, continúa falando dos datos económicos do orzamento. Seguen mantendo o mesmo gravame no IBI, aumento do capítulo II incremento das actividades adicadas aos cidadáns, incremento con respecto ao 1,5% que deben satisfacer as empresas enerxéticas, na parte correspondente aos gastos o que maior volumen representa é o de persoal, corresponde á aplicación da RPT, estase nun 67% de aplicación da RPT se incrementa o gasto corrente sube un 1,5%, se incrementan o gasto polas subas do IPC dos contratos importantes de FCC, e de Aqualia. Incrementan subvencións ao deporte. Co que respecta a entidades lúdicas aumentan a partida do convenio das clarisas para o museo debido a que tese en conta que é un referente para Monforte. en canto ao apartado das inversións destinan 1.014.079 euros fronte aos 625.000 do ano pasado, poden dicir que o incremento maior da historia deste Concello. Este presuposto é froito do rigor e da boa xestión económica que se ven facendo dende fai máis de oito anos. A maior partida de gasto a leva o contrato de axuda a domicilio, partida que inclúe estes 50.000.00 euros, par ao servizo de axuda a domicilio, continúa falando das partidas para os servizos Sociais.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que a súa idea sería a municipalización do servizo de auga, remunicipalización do servizo de axuda a domicilio, a remunicipalización a xestión da piscina, diminución do gasto en reparos de intervención, no pavillón xa se vai facer a pregunta, os reparos de intervención van ser os mesmos, teñen que pensar en non gastar 300.000 euros en asfaltar e reasfaltar. Analizando todos os datos que están aquí, un cidadán de a pé non é capaz, entendne que non voten en contra porque o fixeron, deberían de absterse, non hai un control do gasto, hai montón de cargos con reparos de intervención, non se pode gastar 3.500.000,00 e so se aforren 50.000 euros.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que vai facer un pequeno apunte, di que eles non votan o non polo non. Que non son os seus orzamentos, entenden que se pdoen facer doutro xeito, e ben que son Sociais, Sociais tamén son os orzamentos da Xunta, ao mesmo tempo votouse en contra a oposición, non son orzamentos deles, cren que se poden facer doutra

maneira, valoran positivamente esas partidas que se incrementan, non é o non polo non , todo se pode mellorar.

Intervén D^a Katherinie Varela di que a carga impositiva sobre os contribuíntes, neste equipo de goberno non haberá unha diminución dos impostos cos gastos que teñen enriba. Ela dende logo coa súa xestión non podería baixalos. Fala do aumento en partidas de barrios e parroquias, non é maneira a maneira é facer unha concurrencia e poder aportar en función das festas que haxa en cada lugar. Outra idea que tivo o sr. Alcalde foi o autobús gratuito, o problema é que gratis para todos, o problema é que agora hai zonas da cidade que non lles chega o autobús, en vez de poñer cousas gratis para todos o que poida págalo que o faga e os que non podan que se lle falicite o ticket gratis. Parece que se si fai unha correcta levando a concurso poderíase prescindir dese préstamo. Por certo que se execute o que se anuncia, que non pase como pola supresión dos trens.

Intervén D^a Gloria M^a Prada di que os reparos de intervención, parece mentira que vostede manifeste isto, a teñen polo tema da electricidade e do combustible, digan que Concello de Galicia ten un contrato para isto, ningunha compañía de seguros o pode asumir, parece mentira. Miren vostedes que concello de Galicia teñen estes tipo de contratacións, estes reparos de intervención son os que suponen. Non pode dar lección o partido popular desas cousas. Lle pide que traiga ao pleno próximo pleno de onde sae esa cantidade, e a expresión de que os funcionarios se levan isto ou o outro, cobran polo seu traballo, estase remunerando o traballado que están realizando e que lles corresponde, igual que o aumento do seu compañeiro e ela. Con respecto ao campamento deportivo de verán vaise incrementar 50.000,00 euros dita partida. Fala coa continuación das becas, co bus universitarios para ciclos, cos autobuses escolares e a gardería municipal a sufragan no 95%.

Intervén o Sr. Alcalde agradece o turno de D. Germán, que é bo que se debata nestes termos. Vostede quita aquí unha retaila de cousas, o PXOM non está impedindo nada para realizar obras en Monforte, é algo que haberá que actualizar de cara ao futuro, é moi fácil dicir faino ti, cando ti tiveches a oportunidade non o fixeches, non é necesario. Por outra banda, fala vostede da piscina, de facer piscinas, non van facer piscinas non van duplicar gasto, non fai tanto tempo falaban de praias fluviaias. Parques cubertos, busquen cidades onde teñan parques cubertos, isto non é Islandia non neva para estar todo inverno os nenos metidos dentro. Outro pavillón, duplicar, agora hai un pavillón que da gloria velo e que o felicitan cando o ven, hai informes de federacións estatais que así o certifican para poder ter competicións, eles non dixeron que ían poñer outro autobús urbano, van cumprir un autobús para as parroquias durante un día á semana para realizar as xestións que consideren. Hoxe non hai autobús en stock como en tempos, todo baixo sobre pedido. Alí díxose que era para proxectos, para informes e para traballos técnicos, e iso é para o que se utiliza esa partida, e logo aforro de luz, como que non aforran de luz., A RPT é un bo instrumento, (*sería conveniente que non utilizaran o móbil, porque está interrompindo o desenrolo normal do pleno*), normalizan o traballo dos traballadores con isto vaise regularizar cun amplo apoio. Xa lle derá a información que pediu, non queren salvar aos infractores que poden equivocarse un día, pero unha persoa que é reiterativa que pasa 15 veces polo mesmo sitio, as sinais están para cumprilas, hai que poñer as cousas como hai que poñelas, ogallá non houbese ningunha multa, porque iso quere dicir que todos cumpren as normas. O que non se pode é alabar aquel que o foi mal, hai que tratar de facelo ben. Dille a don Emilio que non va duplicar gasto, en relación cos tubaxes da auga, o que se leva feito o equipo de goberno é bastante máis dos dous gobernos anteriores, polo tanto están aí, o dato é o dato, así que iso é así, desde certas datas hai uns metros de

tubaxe cambiado, cando se fai máis do dobre que dous gobernos distintos, non parece que estea tan mal, o parque de mascotas, este equipo de goberno o leva no seu programa, e cumprirá coa súa palabra. Dille a D^a Katherinie fala vostede de inversións millonarias para cidades máis grandes que Monfote, é que Monforte aspira a ser grande, e vostede quere Monforte pequiño achicado, polo tanto mentres el sexa alcalde Monforte tirará para arriba, as cousas se fan para mellorar sempre, pero mentres os cidadáns lle dean a súa confianza trataran de facer un Monforte grande, xa sabe que vostede ve o contrario, o seu partido non é axeno a desfacer cousas. Fala vostede da póliza de crédito, a póliza de crédito a teñen todas as administracións, iso significa que podas pagar con regularidade os gastos independentemente dos ingresos, polo tanto hai que ter esa póliza para ter unha seguridade no pago, se a utilizas ten un pequeno gasto nos intereses. Di que xa se verá como acaba a liquidación do ano. Cando se cobre o do IDAE do rural de do urbano, o da zona C que aínda estase sen cobrar. Claro que hai proxectos importantes pero forma parte da xestión, despois fala vostede de subvencións da gardería, pero a gardería non é competencia do Concello, é da Xunta, o tema da auga é competencia do Concello ten razón pero a gardería non. En termos financeiros e bo ter certo grao de débeda por se se levanta a suspensión de regras fiscais, polo tanto as cousas hai que analizalas de diferentes puntos de vista. En relación co segundo turno D. Germán fala vostede de remunicipalizar tres servizos, auga, piscina e SAF, el non privatizou ningún servizo, polo tanto é non vai cambiar o que fixeron os anteriores alcaldes, e logo a verdade é que fixo unha proposta pide que se absteñan no presuposto que eles fan, hai peticións imposibles. Di vostede don Emilio que son sociais porque o necesita a xente, polo tanto hai que ser sensibles. Dille a dona Katherinie Varela sobre a rebaixe de impostos, lembra cando saía Rajoy non máis IVE, ese tipo de leccións, baixar impostos. A Unión Europea recomendaba aos gobernos que non baixaran impostos, o di o goberno europea de dereitas. Di vostede poñer un autobús gratis, que é mellor ter un ou non ter ningún, foi un éxito e a xente está encantada e van poñer un no rural para que a xente o teña, non poden pasar por todas as rúas, pasan por zonas. Fala do ferrocarril, se tivera un pouquiño de vergoña, que foi conselleiro e non saben o que fixo, e que aquí non fixo nada, e agora vai quitar fotos á estación de Lugo, aquí o problema é que vostedes pararon todos os proxectos que había en marcha do ferrocarril, iso o di o Tribunal de Contas, o ADIF do 2015 ao 2017 non cumpriu ningún dos obxectivos, e agora se queixan menos mal que o están facendo outros, a maior inversión da historia, menos mal. E logo o outro día cando foi ao parlamento, falaba da vairante de Peares, de Canabal e a variante de Rubián, a variante de Rubián estase facendo e o túnel de Oural, polo tanto dicir estas cousas dona Katy non queda en moi bo lugar, infórmese. Para el é un orgullo asinar un convenio para o remate da ronda urbana por un importe de sete millóns de euros, conseguir que os terreos os compre o Estado e que con cargo a ese proxecto vaise arranxar a recta de Distriz, iso lles parece pouco, iso está moi ben, é unha cousa moi necesaria para Monforte.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte!

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE SOBRE A DETECCIÓN CONTROL E/OU ERRADICACIÓN VESPA VELUTINA.

O ditame é favorable á proposta cun voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

- “1. Que a Xunta de Galicia elabore un Plan galego para a detección control e/ou erradicación da Vespa Velutina e que se fomente a investigación sobre o ciclo biolóxico e comportamento da Vespa velutina nigrithorax en Galicia. Así como das ferramentas de trampeo, tipos de trampas e atraentes, máis efectivas e menos prexudiciais para outras especies, abellas ou a Vespa crabro.*
- 2. Que se priorice o trampeo e a actuación anticipada sobre os niños primarios, como maneira efectiva de acabar con elas.*
- 3. Que se dote de recursos suficientes para a retirada de niños secundarios e que se habiliten axudas específicas para a prevención dos ataques nos apiarios, para minimizar as perdas de produción polo ataque da (Vespa velutina nigrithorax).*
- 4. Que se prevea a posibilidade de habilitar axudas polas perdas ocasionadas por esta especie, no caso de ser necesarias”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez Pérez dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que na provincia de Lugo a apicultura ten unha importante potencialidade de emprego, sendo a provincia con máis instalacións apícolas, fala das perdas causas, continuando falando da afección á poboación, quedou claro que as políticas da Xunta son extremadamente limitados, en definitiva é o texto da exposición que será debatida na comisión de setima do grupo parlamentario do BNG na Xunta de Galicia.

Intervén D. Jose Luis Rodríguez vai contestar punto por punto, a contestación ao primeiro punto dende o ano 2014 a Xunta de Galicia puxo en marcha control da vespa velutina, dende o ano 2022, posto da posibilidade de subvencionar incluído nun plan nacional apícola, continúa falando das axudas para combaater a vespa velutina, segundo punto o ano 2020 a Xunta coa Fegamp plan de colaboración contra a vespa velutina, contestando ao terceiro punto debido as condicións metereolóxicas foron moi axeitadas se aumentaron 15.000 avisos máis, o servizo 112 activanse para proceder de forma inmediata como no casos onde os niños están situados en colexios, casas, etc, fala das chamadas realizadas por avisos de vespa velutina, o prazo de actuación e a retirada é dentro dos cinco días hábiles, a xunta de Galicia xa ten un plan para combater a vespa velutina. Se pregunta que liñas de actuación ten este Concello e a Deputación de Lugo para combater a vespa velutina, porque dende o Concello non se quita un plan de control remoto. Di que van votar en contra da moción salvo que acepten a proposta de enmenda de substitución para que o concello inste á Xunta para que continúe coa erradicación da vespa velutina, que se solicite á deuputación que se faga un plan de actduación para axudar a combater a vespa velutina.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que teñen fixación coa deputación, vostdes o que traten é de espallar a súa responsabilidade, a onde queren ir, deixen de espallar as suas responsabilidades e cumbran, apliquen eses cartos onde o teñen que aplicar, o que di é unha tontería da Xunta de Galicia, que non lle digan iso porque non o van facer.

Intervén D. Ibán Torres di que non pode deixar de referir a súa intervención D. José Luis, fala de axudas e a culpable é a metereoloxía, fale cos apicultores, afecta dunha maneira especial aos apicultores, as perdas anuais poden chegar aos 100.000 euros ao ano, o que pasa é que estase acabando coas abellas. Os apicultores se manifestaron para reclamar

polas perdas acaecidas. A presenza das velutinas é un problema moi grave para a saúde das persoas. Fala de lentitud de resposta, de medios, a pesar das denuncias que se presentan. Van apoiar a moción do Sr. Germán porque comparten o figura na moción, é necesario que elaboren un plan específico de loita contra a velutina e con resultados.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez pide calma e non deberíanse insultar politicamente, moitas grazas ao BNG, ao PSOE e moitas grazas ao PP, como asamblearios que son non ten poder para incorporar nada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicir que se se mantén a raia dentro dos parámetros gracias a veciñanza que traballa cos seus medios propios, e realmente se pensa que o que está facendo a Xunta de Galicia é o correcto, cóntenllo aos tres mortos neste ano.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que o único que fixo foi exponer datos, a Xunta ten un plan de actuación sobre a vespa velutina, que ao mellor é un problema que se está descontrolando pola praga que existe, pero o que pide é que dende o Concello o dende a Deputación que axuden cunhas liñas a combater iso.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. José Luis Rodríguez que a Xunta asuma as súas competencias e responsabilidades. Elaborando un plan específico para a vespa velutina, que recollan a evolución dos avisperos, se revisen os protocolos de retirada de avisperos, o tempo de resposta, o demais é dicir propaganda.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que se pode falar sen alporizarse o di el, están encantados de que aproben a moción, esperan que dende a Xunta de Galiza teñan a ven ataxar este problema.

Intervén o Sr. Alcalde di que nas peticións que fai na moción habería que poñerlle un quinto punto para darlle traslado á Xunta.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte!-Grupo Mixto e tres votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVO O CUMPRIMENTO DA LEI 07/2023 DE PROTECCIÓN DOS DEREITOS E BENESTAR DOS ANIMAIS.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte- Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Que o Concello de Monforte de Lemos comece a dar cumprimento as obrigas recollidas na Lei de 7/2023 e consigne a financiación necesaria nos orzamentos do ano que ven.

2. Que o Concello de Monforte insta ao Goberno central para que anualmente consigne nos Orzamentos Xerais do Estado as cantidades necesarias e suficientes que

permitan garantir a prestación dos devanditos servizos por parte das entidades locais, de acordo co expresado na citada Lei 7/2023.

3. Que o Concello de Monforte inste ao equipo de goberno provincial para que a Deputación de Lugo leve a cabo as actuacións que sexan precisas para colaborar co Concello de Monforte de Lemos, mediante os mecanismos indispensables, a sinatura de convenios necesarios e a construción das instalacións adecuadas, para a prestación dos servizos de competencia municipal aos que fai referencia a nova Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, no uso das competencias que lle atribúe o artigo 36 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que no tocante ás entidades locais establece esta lei moitas obrigas, estas xa non serían competencias impropias, pero si que é certo que non hai subvencións, nin recursos establecidos, é moi probable que isto tarde en arrancar, eles son partidarios de que todas estas leis deberían cumprirse e sí se fai a moitas das queixas que se teñen actualmente, as chamadas á policía local ou senón ao servizo que se ten contratado, por desgracia moitos cans non se poden collelos, hai moitos cans que quedan atados a farolas, e queixas que fan chegar, non un tema da policía local nin moito menos, esa ausencia de instalacións e de xente preparada para estes temas.

Intervén D. Manuel Luaces dique eles comparten a convicción de que as leis deben ser respectadas, por esta razón xa se trouxeron diversas iniciativas neste pleno. En cto as novas competencias do Concello recoñecen que na súa maioría estanse a cumprir, confían que nas que se cumpren se cumpran na maior brevidade posible, entenden tamén que hai algunhas que son a protectora de animais que non a ten que levar directamente o Concello. Faille atención que non se mencione á Xunta, estando de acordo coa proposta en sí, se trata do cumprimento dunha lei, proponen unha engádega que sería ao punto catro instamos ao concello de Monforte de Lemos que solicite ao goberno autonómico para axudar ao concello para poder realizar esta iniciativa.

Intervén D. Ibán Torres di que celebra en que esta moción sexa polo amor aos animais, é unha moción que a presentaron as principiáis cidades, cando o Sr. Besteiro sexa o Presidente da Xunta este problema vaise solucionar. Esta moción reclama fondos do estado , á Deputación provincial e pasa ampliamente da Xunta, como si non tivera nada que ver, é unha cousa difícil de asumir. É un exemplo da obxección de manexar a distribución dos presupostos do concello e da deputación provincial. O que pasa é que vostede cando aprobaron a Lei no 2017 non lle preguntaron aos Concellos, empregaban agora a lei estatal, para tapar a súa vergoña. Hai que recoñecer que a Xunta esta mellorando as cousas, na nota de prensa, apoio aos Concellos para o coidado para os animais domésticos, seguen cos mil e pico euros para cada Concello. Manifesta que este Concello cumpre coa lei.

Intervén D^a Katherinie Varela dille a D. Ibán Torres que xa sabe o que quere dicir, que lle pidan á Xunta, fala do compañeiro do bloque, entende que digan eso, pola súa parte aceptan a enmenda, entenden que poden estar nun debate de campaña, a pesar de que a lei exise as competencias a nivel local, eles van aceptar a norma, xa sabe que é algo moi

costoso, hai máis cousas que se están pedindo, como é un recinto onde estean albergados onde estean ata que se podan recoller, se a eles lle votan a favor a moción aceptan a enmenda. Simplemente lle gustaba que se debatera este tema no pleno, os políticos teñen a obriga de sensibilizar á xente con diferentes temas. Este tipo de mocións é importante debatelas para que chegan á opinión público, igual ten máis peso do que pensan no seu partido, como di D. Ibán Torres.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van apoiar a moción. Vostede se quita da moción Concello e pon Xunta.

Intervén D. Manuel luaces dicindo que cando se lle reclama á Xunta é porque é unha competencia da Xunta, cando falan de recinto xa saben que é algo máis complexo pero que se debe facer. E que é rechamante que se pida a todas as administracións menos á Xunta.

Intervén D. Ibán Torres di que xa non entran no fondo e vaise polas ramas. A cousa é máis complexa, non se trata aquí de vir a dicir que os demais fagan. Recoller e capturar animais domésticos, trasladar os animais nun vehículo autorizado, control e asistencia sanitaria destes animais, etc, continúa falando do que di a lei, iso é máis que unha declaración de intencións. Vostedes teñen un arte impresionante para disfrazar as cousas, pero como se aplica todo isto si non é co presuposto suficiente. Fala de innumerables competencias que asumen os Concellos. Di que non van apoiar esta moción.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que esta lei é estatal, se lle esixe o cumprimento para que o cumpra, cre que esta moción é para empezar a traballar realmente en serio para tratar cos animais, hai que concienciar tamén as persoas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se se estaba en campaña, o goberno de Monforte non está en campaña, eles están para traballar, o seu partido no Congreso votou en contra. Logo di que vostede é animalista, pero el dende logo non é animalista, se vostede é animalista debería deixar o PP e presentarse polo partido animalista. Fíxolle gracia ese murmullo cando o Sr. Ibán Torres dixo que o Sr. Besteiro será Presidente da Xunta, vostede vaia recollendo iso se saberá o 18 de febreiro se fora presidente o Sr. Besteiro, se viran que ían ter mellor resultado, será moi bo para Monforte que o Sr .Besteiro sexa Presidente.

Sometido o asunto a votación coa engándeda do BNG rexeítase con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte!-Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INCLUIR COMO USO ESPECIAIS DE CONSUMO DE AUGA AS RESIDENCIAS E CENTROS DA TERCEIRA IDADE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte- Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que se modifique o apartado C do artigo 3 relativo a cota tributaria da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo abastecemento de auga, e que se inclúa como usos especiais as residencias e centros de atención a persoas da terceira idade e con discapacidade”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán di que non saben de que contía stase a falar, pero si entende que a parte máis social que acaban de aprobar, subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores, sen saber cal sería a partida, nun presuposto de 16 millóns de euros, non sería ningún tercio do total, entón desde Esperta entenden que si que o van apoiar lles parece unha cousa lóxica. Di que no programa 912, hoxe aquí estase arpobando o maior gasto en órganos de goberno, se unha persoa no ano 2023 ten un salario 52.699,00 e no 2024 56.280 , iso é un 11% di que eles non van a discutir nada, son números non se poden discutir, isto é público non se pode enganar a ninguén, cre que para que a xente de Monfote se faga carga do que custan as cousas, hai que facilitarlle a toda esa xente para que vexan en donde se gastan os cartos e para onde van. Saben que a maioría dos monfortinos non cobran eses cartos, as cousas non van tan ben como vostedes queren facer ver. Habería que ser máis rigurosos cun montón de gastos.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que a exposición de motivos, hai un remexido de moitas cousas, algunhas teñen que ver e noutras dubídao, con respecto á sensibilidade do PP. Fala vostedes dos centros, qué centros, que se modifique o apartado da cota tributaria, cando se fala de usos especiais, o que quere dicir é o seguitne, aqueles centros que sexan privados por moito que poidamos entender, eles non van votar en contra, vanse abster, por esa condición xurídica que pode haber se son públicos, privados ou concertados, como pode ser a residencia do Morín, que é un centro concertado, a empresa que paga a auga está facendo un negocio. Eles vanse abster por ese encaixe xurídico que pode ter a iniciativa.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a traxectoria do partido popular non vai nese sentido. En quince anos non se abriu ningunha soa residencia. O contrato de Aqualia non contempla modificación do canon, son partidarios de modificar as taxas a aquelas persoas que o necesiten, vostede pretende incrementar as ganancias das empresas que obteñen un beneficio, a exención que prantexa aquí, sería unicamente para aumentar o beneficio das empresas. . Fala da lei de Augas de Galicia, os usuarios da auga son os donos da auga, non os usuarios. Coa Lei na man isto non é viable, vostede quere beneficiar a unha empresa, non aos usuarios, o consumo de auga é moi barato nesta cidade.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez especifica os centros aos que se refiren.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que son centros ou actividades benéficas, Sociais sen ánimo de lucro. Pódese incluír as cantinas das aldeas que fan unha labor importante, a iniciativa ten o seu interese porque realmente vai na dirección de axudar, pero hai que purgala máis polo miúdo.

Intervén D. Ibán Torres di que se se falan de servizos Sociais sen ánimo de lucro, hai que especificar, si o que vostede está falando de Prodeme, terá que diferenciar o que é a empresa e a labor social, o concepto de familia e de persoas vulnerables non ten nada que ver cunha empresa que xestiona unha residencia. Di que esta alcaldía fixo moitas xestións

para persoas vulnerables e familias, non hai que mezclar as cousas, as persoas que están nestas residencias pagan por estar atendidos, gracias que existen estas residencias, pero os que xestionan teñen un beneficio, esta moción non está dirixida ao usuarios senón aos que as xestionan.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cada un ten a posibilidade de presentar o que queira, dixo vostedes que todas as empresas que adican a tratar cos maiores son sen ánimo de lucro, siq ue teñen ánimo de lucro, o público non ten ánimo de lucro como a Residencia de Maiores. Non se pode enganar á xente. Sinala que el defenden ás persoas. Puxo vostede o exemplo de Prodeme, el cre que esta asociación non ten problemas económicas, non parece iso sen entrar en como se xestiona, as inversións que fai, o que ten presumido que por diñeiro non é, e sen entrar noutras consideracións incluso de certos beneficios particulares, ou mezclando cousas que non é legal mezclar. Dille a D. Germán que o salario establécese no pleno de organización e aí pártese de cero, en cada mandato, polo tanto que se puxo no pleno de organización sube tal como o di o Estado 0,5 este ano e un 2,5 para o ano 2024, sumados os dous sería un 3%, reitera no Boletín Oficial do Estado cando se publican leis, polo tanto a cousa é a sí. Dille a D. Emilio que o Centro de Día non é comparable cunha residencia, e ademáis no contrato da auga do ano 2001 establece un porcentaxe do 10% do consumo do Concello sen cargo, non ten sentido dicilo o do Centro de Día.

Sometido o asunto a votación con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte!-Grupo Mixto e dúas abstencións concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

7ª.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á REALIZACIÓN DUN ESTUDO TÉCNICO SOBRE AS TUBAXES DA REDE MUNICIPAL DE AUGA POTABLE

O ditame é a favorable á proposta cun voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte!-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

“Instar ao goberno municipal a que elabore un estudo técnico valorado, de cara a solucionar con garantías o notable problema dos continuos cortes de auga da cidade”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Di que isto non se vai solucionar dun día para outro, di que el nunca culpei neste caso a quen goberna das roturas, non teñen que ver, o que si hai que facer é un informe técnico onde nos oriente de que rúas hai que facer, por onde hai máis presión na cidade, cal é a rúa que máis consume, un montón de datos que poda dar ese informe, e cren que habería que facelo, á empresa quédalle como moito 2 anos de contrato, cren que antes de que se podan reclamarlle ou ir sabendo de onde quitar os cartos nun fututo, ou quen pode axudar.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta as constantes cortes de auga, rúa Abeledos, rúa Pascual Veiga, algo normal que acontece a diario en pobos de Galicia, di que é certo que estase cambiando a tubaxe xeral, a rotura de tubaxes máis pequenas, a rúa Corredoira

tiña moitos problemas, acoutouse unha zona, e arranxouse o problema, pero é certo que os problemas da auga son grandes, e agora na derradeira semana houbo dez roturas, a maiores o que comentan, están de acordo co Sr. Torres non están para pagarlle á festa a ninguén, se Aqualia ten problemas de roturas ten Monforte absolutamente levantado, ten a obriga de deixar as coudsas como corresponde, non é de recibo que cada pouco se está arranxando onde Aqualia levantou. É certo que o problema que vostedes xa sabían deste problema, entón cre que todas estas cousas habería que arranxalas, estase traballando, hai un montón de sitios onde vostedes podería facer cousas, como fixeron Armando Cotarelo non deixaron as acometidas arranxadas. Di que é certo que se vai facer agora unha cousa moi importante. En dous anos hai que tomar unha decisión, vostedes arranxaron as luces, fixeron as zonas C, B, D, vostedes teñen outras prioridades, si é certo que se están arranxando moitas cousas. Vostedes levan nove anos se tiveran a ben arranxar unha cuadrícula como a da Corredoira. Parécelle que isto sería prioritario, arranxe o que realmente é importante e deberá remunicipalizar o servizo.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que a estas aklturas está pedindo que se realice un estudio técnico. Di que no ano 2013, xa trouxo o Sr. Tomé xa trouxo unha moción para arranxar o problema da auga. Deixe de pedir un estudo, pida que se solucione o problema da auga, o BNG e o PSOE non foron capaces de arranxar este problema que segue existindo. O estudo que piden non é necesario o que hai que facer é solucionalo, o que se pide é que se faga un plan por zonas. Se vostede cambia a moción e se pide que se cambien as tuberías, unha enmenda de engádeda, que se leven a execución da renovación das tubaxes nun prazo de non máis de catro anos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que debería retirar a moción, porque o que pide vostede aquí son datos que xa están, poden recopilarlos en facerllos chegar, polo tanto non se vai repetir un traballo que está feito, así que si vostede considera, lle harían chegar esa información.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o que piden ese estudio, se vostedes din que teñen ese estudo feito, non teñen ningún problema en retirar esta iniciativa. Falan vostedes do Sr. Nazario, aquí se trae unha iniciativa que pide o que pide, se está feito pois ben, igual o que se está facendo estase facendo mal, eles necesitan saber unhas cousas, van facer un informe ben feito para isto sirva para o futuro. Manifesta a retirada da súa iniciativa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que están en marchar xestións para dar unha solución definitiva ao problema de abastecemento e do saneamento.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

8º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (26.10.2023 E 14.11.2023(2)).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

9º.- DACIÓN DE CONTA DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL ORZAMENTO DO 3º TRIMESTRE 2023.

Acta pleno ordinario 27.11.2023

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 3º trimestre de 2023, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

10º.- DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, 3º TRIMESTRE 2023.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2023, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 6,17 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 3º trimestre de 2023.

11º.- DACIÓN DE CONTA ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE APROBACIÓN DE CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA, A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A REALIZACIÓN POR PARTE DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA E POSTERIOR CESIÓN AO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS DO NOVO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A N-120A E A N-120 E MELLORA DA SEGURIDAD VIARIA NO ENTORNO.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 06.11.2023 de aprobación do convenio entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e posterior cesión ao Concello de Monforte de Lemos do novo vial de conexión entre a N-120A e a N-120 e mellora da seguridade viaria no entorno.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta de Esperta Monforte RE 25335

Porque non se modificou a alutra do pavillón da pinguela para poder acoller no mesmo competición nacionais e internacionais de voleibol?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que os gastos subvencionables da orde que se publicou son as educación de mellora de espazos onde se realiza a actuación deportiva, a ampliación de gradas e aparcamentos, instalacións anexas e adestramento, ximnasios, sala s de readaptación, adecuación e melloras de espazos, megafonía e marcados, outras infraestruturas de análoga natureza e as inversións obectos de subvención deberán sobre estruturas ou infraestruturas propias, e o único que se fixo do pavillón foi manter a estrutura, non se podía máis altura porque non se podía modificar a estrutura, nin engañan nin minten.

Pregunta de Esperta Monforte RE 25336

Cantas multas se levan posto dende o 1 de outubro coa entrada en servizo das cámaras de tráfico.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que no mes de outubro do día 1 houbo cero, e no conxunto do mes houbo 1.635 denuncias, neste mes redúcese moito, houbo 823 denuncias e se se vai a mirar quenes pasan, resulta que hai unha persoa que pasou 23 veces é dicir que é reiterativo, hai outros tres onde cada un deles tivo 13, hai outro que tivo 12, outros 4 que tiveron, fala de que hai xente que está obsesionado de seguir pasando. O que quere dicir que esta xente non cumpría a norma. Di que no mes que ven traerán ao pleno o compromiso da modificación da ordenanza de tráfico.

Rogo do Partido Popular sobre o paso de peóns moi estreito na rúa Dr. Casares.

Pregunta do Partido Popular en que situación está o ingreso/préstamo do pavillón da Pinguela.

Dúas Preguntas do BNG e dous rogos

Pregunta do BNG, Cómo pensar cubrir a praza de conserxe do pavillón?

Pregunta Como se está levando a cabo a implantación do contedor marrón e cómo a van levar a cabo?

Rogos do BNG.

.- Rogo sobre o arranxo dos camiños de Lodairo e do camiño da Agra.

.-Rogo sobre cheiro a gas na rúa Rof Codina.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás once horas e nove minutos, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,